

# A DIVINA COMEDIA DA LINGUA

Houbo un tempo no que os gallegofalantes dramatizaban sobre a situación da súa lingua. Agora, cando son algúns castelanfalantes quen dramatizan sobre o futuro da súa no país, é o momento de pasar polo xuízo da comedia a esta situación na que os maioritarios se manifestan ameazados polos minoritarios.

Núñez Singala tira para a comedia e propón un xuízo, final, para deliberar sobre o absurdo e colocar a cada quen no seu lugar, calquera que sexa. *Comedia bífida* leva o debate que, con tan pouca habilidade libra o PP, a un territorio que na dereita debería ser facilmente entendible: o territorio celestial.

Con humor retranqueiro, a comedia retoma desde a farsa algúns dos principais argumentos sobre unha circunstancia que, hai días, padece de carácter nervioso. Pola obra pasan personaxes prototípicos, xente que practica o dialectalismo, incluso aquel que procede do castelán



TEATRO

## «Comedia bífida»

Manuel Núñez Singala. Editorial Galaxia. 110 páxinas. 10,5 euros.

\*\*\*

ou dese idioma que Manuel Fraga consideraría como normativa de concordia que é o castrapo. Tamén están os que non son xente e, quizais por iso, non acaban de entender o porqué do debate.

Como a comedia é bífida hai quén fala en galego e quén contesta en

castelán, por este lado é unha obra realista. O que non está claro é se esta caste de bilingüismo ten carácter amable ou harmónico. No fondo igual é o mesmo porque o a obra propón que sexa o público o que se converta en xurado.

Polo medio desta comedia con moitos personaxes (pero o autor promete que para representar pode facerse con seis actores) o asunto e ir pasando pola batalla da risa todas esas cousas que tanto dan para falar aos sociolingüistas, filólogos, normalizadores e a unha parte dos desocupados con dereito a opinión e con medo a aprender idiomas.

A comedia, como non podía ser doutro xeito, ten o seu enredo e vai marcada por esas figuras predicibles que tanto xogan cando se trata de opinar sobre a lingua, sobre a súa importancia, os recorrentes prexuízos e a falta de naturalidade para encontrar un argumento ás súas negativas.

Camilo Franco